

### **MOCIÓN Nº3 DO GRUPO MUNICIPAL DE VIA ALFOZ SOBRE A BAIXADA DO IBI.**

Ao abeiro do disposto no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo R.D. 781/86 de 18 de abril e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, aprobado polo R.D. 2568/86 do 28 de Novembro, e da Lei 5/1997 do 22 de Xullo da Administración Local de Galicia, o Grupo Municipal de VIA Alfoz presenta a seguinte **MOCIÓN** para a súa discusión no **PLENO**.

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Nos últimos anos, o chamado “catastrazo” consistente nunha regularización e revisión catastral e principalmente na subida dos valores dos bens deu lugar a importantes subidas nos recibos do imposto de bens inmobles (IBI) da nosa veciñanza. Esta situación, xunto coa escalada dos prezos da enerxía e a subida da inflación, dan lugar a unha diminución do poder adquisitivo da nosa veciñanza.

De todos é sabido que, coa subida dos recibos do IBI e co cobro dos atrasos, a recadación das arcas municipais aumentou considerablemente o que permitiu, en gran medida, amortizar a débeda municipal do concello de Alfoz.

Desde o Grupo Municipal de VIA Alfoz, consideramos que é de xustiza que, se a veciñanza de Alfoz, a través do aumento dos seus impostos, axudou a pagar a débeda municipal, debemos compensalos reducíndolle na medida do posible os seus recibos do IBI, máis se cadra no actual contexto económico.

Debemos recordar que unha petición similar foi solicitada na sesión plenaria celebrada o 31 de xaneiro de 2020. Esta petición non foi aprobada pola negativa do Grupo Municipal do PSOE, nin foi levada á Comisión de Ordenanzas para o seu debate, a pesar de ter pasado xa dous anos desde a proposta.

É por iso, que o Grupo Municipal de VIA Alfoz propón ao Pleno que se tome o seguinte

#### **ACORDO:**

Modificar a Ordenanza Reguladora do IBI, coa intención de reducir o recibo da contribución, mediante unha baixada impositiva coa aplicación dos tipos de gravámenes mínimos establecidos legalmente.

En Alfoz, a 20 de marzo de 2022

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Efigenia Maseda Paz', written in a cursive style.

Asdo. Efigenia Maseda Paz  
Voceira do Grupo Municipal de VIA Alfoz

Alcalde - Presidente do Concello de Alfoz